



La Jefa del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Ourense informa lo siguiente:

I.- ANTECEDENTES

Con fecha 20 de febrero de 2004, los vecinos de la comunidad de montes de Santigoso (A Mezquita), solicitan la transformación, en la parte que les afecta, del consorcio denominado "Castelo" OR-2037.

El acuerdo de solicitar dicha transformación, fue tomado por la asamblea general de comuneros con fecha 29 de enero de 2004, según consta en la certificación del impreso.

II.- SUPERFICIES Y POSICIÓN ADMINISTRATIVA

El 25 de junio de 1976 el jurado provincial de montes vecinales en mano común de la Provincia de Ourense, tomó el acuerdo de clasificar como vecinal en mano común los montes denominados "Montes de Dehesa", "Castelo" y "Zureira" como perteneciente a los vecinos del lugar de Santigoso en el concello de A Mezquita de la provincia de Ourense.

El consorcio "Castelo" OR-2037 fue aprobado por el Patrimonio Forestal del Estado en 1951. Posee en la actualidad una superficie de 67 Has y se trataría ahora de la tercera y última segregación (de este consorcio proceden los convenios 321/55133 y 321/55203).

El convenio que se propone quedaría integrado por 67 has, provenientes todas ellas del consorcio OR-2037.

III CUENTA DE GASTOS E INGRESOS

El cálculo del saldo inicial del nuevo convenio que se propone, se realiza mediante la asignación proporcional a la superficie de los montes vecinales afectados, de los gastos e ingresos generados en el consorcio de partida OR-2037.

Conforme a lo dispuesto en la disposición adicional segunda de la ley 13/89 de 10 de octubre de la Xunta de Galicia sobre montes vecinales en mano común, la deuda existente hasta el año de la clasificación (1.976) queda condonada.

Balance de gastos e ingresos procedentes del consorcio OR-2037 desde el 1-1-1.977, hasta el 31-12-2.003

Gastos totales	48.545.299 pta
Cofinanciado U.E. 72,5% s/ 24.534.775 pta	17.787.712 pts
Fondos cohesión 74,8% s/ 7.368.505 pts	5.511.642 pts
Imputado al 321/55133	10.338.823 pts
Imputado al 321/55203	10.830.480 pts

Total de gastos pendientes	4.076.642 pts
Gastos imputables a Santigoso (100%)	4.076.642 pts.
Gastos de administración: 7,85 % s/ 4.076.642 pts.	320.016 pts.
Gastos de guardería: 1.405 pts./ha. * 67 has.	94.135 pts.

Gastos totales correspondientes a Santigoso	4.490.793 pts.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Ingresos totales

1.061.412 pts

Imputado al 321/55133

501.713 pts

Imputado al 321/55203

428.126 pts

Total de ingresos pendientes

131.573 pts

Ingresos imputables a Santigoso (100 %)

131.573 pts.

Saldo = gastos – ingresos = 4.490.793 pts. – 131.573 pts. = 4.359.220 pts (26.199,44 €) a favor de la Xunta de Galicia.

Saldo con el que se abrirá la cuenta de gastos del nuevo convenio: **26.199,44 €**

Por todo ello, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe el convenio del monte con las siguientes características:

Nombre: Montes de Dehesa, Castelo e Zureira

Número de elenco: 321-55246

Superficie: 67 has.

Pertenencia: lugar de Santigoso

Concello: A Mezquita

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interés sobre el anticipo: 1%

Participación de la comunidad en el vuelo: 70%

Participación de la consellería en el vuelo: 30%

Saldo inicial de la cuenta del nuevo convenio: **26.199,44 €, a favor de la Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se apruebe la rescisión total de las 67 has del consorcio “Castelo” OR-2037 por pasar al nuevo convenio.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2004

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,

Teodoro Arribas Serrano.

Visto e prace

O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,

Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-



XACOBEO 2004
Galicia





Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Ourense, relativo á transformación do consorcio OR-2037 "Castelo", nun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade veciñal de Santigoso, propietaria do monte veciñal en man común "MONTES DE DEHESA, CASTELO E ZUREIRA", Concello de A Mezquita,

Vista a certificación de data 29 de xaneiro de 2004, do Secretario da Comunidade veciñal de Santigoso, na que se fai constar que en Asemblea xeral celebrada na mesma data, acordouse solicita-la transformación do consorcio en convenio,

Vista a certificación de data 11 de maio de 2004, e o informe da mesma data, ambos da Xefa do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense, no que se propón o seguinte:


- A aprobación do convenio con nº de elenco 321-55246, do monte veciñal en man común "MONTES DE DEHESA, CASTELO E ZUREIRA", propiedade da Comunidade veciñal de Santigoso, e cunha superficie de 67 ha. procedentes do consorcio OR-2037 "Castelo".
- A rescisión do consorcio OR-2037, por transformarse na súa totalidade en convenio.

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto o Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a súa execución,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a aprobación do convenio do monte veciñal en man común "MONTES DE DEHESA, CASTELO E ZUREIRA", con nº de elenco 321-55246, propiedade da Comunidade veciñal de Santigoso e a rescisión do consorcio OR-2037, nos termos propostos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2004.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo. Mª José Tato Rocha.





Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e pola xefa do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Montes de Dehesa, Castelo e Zureira

Número de elenco: 321-55246

Superficie: 67 has.

Pertenza: lugar de Santigoso

Concello: A Mezquita

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta do novo convenio: **26.199,44 €, a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Aprobar a rescisión total das 67 has do consorcio "Castelo" OR-2037 por pasar ó novo convenio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2004

**O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)**

O Secretario Xeral,



Justo de Benito Basanta

**Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-**



CONVENIO

N.º	321	55246
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a vinte e oito de setembro de mil novecentos e noventa e de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha banda, D. José Manuel Barreiro Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. SANTOS PIORNEDO PIORNEDO como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común do lugar de Santigoso (A Mezquita), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1951 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación e tratamento silvícola e aproveitamento do abeiro preexistente e independente do Consorcio anterior, pertencendo á entidade propietaria (isque se non existiu)~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen á Comunidade de montes de Santigoso

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte de Dehesa, Castelo e Zureira

Termo municipal: A Mezquita

Provincia: OURENSE

C.M.V.M.C. - 2

Límites:

N. MVMC de Vilavella e Canda

S: Mais MVMC da sua propriedade e MVMC de Castromil

MVMC de Castromil

0. Mais MVMC da sua propriedade

Superficie: 67 Has

Estado forestal: P.sylvestris de distintas idades.

Con arborado pertencente à comunidade proletária do chan:

Con voos creados procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula a totalidade

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As usuais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo á Comunidade de montes de Santigoso (A Mezquita)

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O amorado da súa potencia existente nestes termos ~~XXXXXX XXXX XXXX XXXX~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cinquenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cinquenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a convertir é como segue: **OR-2037 (67 Has)**

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obtéña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscritable no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 35 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P.sylvestris como especie principal.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don LUIS MIGUEL SEGOVIA GARCÍA, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "Monte de Dehesa y Castelo e Zureira" dos veciños do lugar de Santigoso (A Mezquita)

2.—Que, así mesmo, figura Don SANTOS PIORNEDO PIORNEDO, e Don IGNACIO BLANCO VIDUEIRA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 29/01/08

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 29 de Abril de 2004 ~~xxxx~~

Don IGNACIO BLANCO VIDUEIRA, Secretario de da Comunidade de Santigoso (A Mezquita)



CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 29/01/04 estando designado Don SANTOS PIORNEDO PIORNEDO representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en

Santigoso (A Mezquita)
a cinco de Maio de mil novecientos noventa e catro

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

O PRESIDENTE

Asdo.: D. SANTOS PIORNEDO PIORNEDO

Asdo. D. IGNACIO BLANCO VIDUEIRA

Don Tomás Fernández-Couto Juanas, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

D. SANTOS PIORNEDO PIORNEDO



Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 29-01-03)
O SECRETARIO XERAL

Asdo: Justo de Benito Basanta